

# FORMULARIO DE ADHESIÓN ESTABLECEMENTO COLABORADOR

**ANPA BRIGANTIUM + ANPA O CARREGAL + AMPA AS MARIÑAS +  
+ ANPA DON BALTASAR+ANPA GALIÑA AZUL+ ASOCIACIÓN CULTURAL RAIOLA**

Datos fiscais e para notificacións:

D./D <sup>a</sup> .	N.I.F.:	Cargo ou representación que ostenta:
Nome da empresa:	C.I.F. (non cubrir en caso de autónomos)	
Domicilio Social:	Poboación:	Provincia:
Código Postal:	Teléfono:	Móbil:
Fax:	Correo electrónico:	Actividade:

Datos do establecemento:

Nome Comercial:	Domicilio:	
Código Postal:	Poboación:	Provincia:
Teléfono:	Fax:	Web:

O ESTABLECEMENTO COLABORADOR expón que coñecendo todos os aspectos da colaboración coas seguintes asociacións:

- ANPA BRIGANTIUM: Asociación de nais e pais do C.E.I.P. Francisco Vales Villamarín de Betanzos.
- ANPA O CARREGAL: Asociación de nais e pais do I.E.S. Francisco Aguiar de Betanzos.
- AMPA IES AS MARIÑAS BETANZOS: Asociación de nais e pais do I.E.S. As Mariñas de Betanzos
- ANPA DON BALTASAR: Asociación de nais e pais da "Escuela Hogar Nuestra Señora del Carmen Atocha".
- ASOCIACIÓN CULTURAL RAIOLA: Asociación cultural recreativa Raiola de Betanzos.
- ANPA GALIÑA AZUL: Asociación de nais e pais de alumnos da Escola Infantil A Galiña Azul de Betanzos.

ACEPTA adherirse ó mesmo como entidade colaboradora, ofrecendo as vantaxes que de seguido se relacionan, amosando a súa conformidade coas CONDICIÓN XERAIS que se especifican no reverso.

O COLABORADOR comprométese a ofertar ós titulares dos CARNÉS das asociacións mencionadas unha serie de vantaxes sobre os produtos, servizos e equipamentos consistentes en:

<b>DESCONTO</b> (Indicar a porcentaxe de desconto, detallando brevemente o tipo de produtos e/ou servizos ós que se lle aplica)

Lin e acepto as condicións xerais.

Asdo.

Betanzos, ..... de ..... de 20.....

## CONDICIÓN XERAIS

ACEBE CCA, é unha asociación multisectorial integrada por comerciantes e empresarios establecidos no Concello de Betanzos que ofrece aos seus membros entre outros servizos a participación en convenios que lles faciliten á súa promoción e mellor comunicación cos clientes.

As ANPAS: a ANPA BRIGANTIUM, a ANPA O CARREGAL, a AMPA do IES AS MARIÑAS, a ANPA DON BALTASAR, a ASOCIACIÓN CULTURAL RAIOLA, e a ANPA GALIÑA AZUL son asociacións sen ánimo de lucro, interesadas na firma deste convenio co fin de aportar máis valor ao feito de ser socio deste colectivo.

Tanto as ANPAS como A.C.E.B.E. C.C.A. están interesadas en establecer unha colaboración para que os socios destas asociacións poidan beneficiarse dos descontos e condicións vantaxosas ofrecidos polos comercios integrantes de ACEBE CCA, e por iso, conveñen obrigarse de acordo coas seguintes

### ESTIPULACIÓNS

#### 1. Obxecto do presente acordo

O presente contrato ten por obxecto regular os termos de colaboración entre ACEBE CCA e as ANPAS, colaboración que ten por finalidade ofrecer descontos e condicións vantaxosas nas súas compras ás familias integrantes da ANPAS.

#### 2. Destinatarios

O acordo vai dirixido, por unha parte, aos socios das ANPAS, e por outra parte aos socios de ACEBE CCA que asinen a solicitude para participar do presente convenio. A solicitude deberá ser enviada a ACEBE CCA a través do fax 981774574 ou do correo electrónico [acebe@comerciodebetanzos.com](mailto:acebe@comerciodebetanzos.com).

#### 3. Requisitos para acceder aos descontos e condicións vantaxosas

Para acceder aos descontos e condicións vantaxosas ofrecidos por cada establecemento comercial os socios das ANPAS deberán identificarse por medio do carné de socio do curso académico vixente. O establecemento poderá solicitar a presentación do documento nacional de identidade para a identificación do posuidor do carné. O carné de socio da ANPA de cada curso académico terá vixencia ata 31 de decembro de cada ano.

#### 4. Identificación dos establecementos colaboradores

Tanto as ANPAS como ACEBE CCA están obrigados a darlle publicidade ao listado de establecementos colaboradores a través das súas páxinas web e publicacións.

#### 5. Descontos e condicións vantaxosas aplicables

O titular do establecemento comercial comunicará o desconto ou vantaxe que aplicará aos clientes que presenten o carné de socio dunha das ANPAS a través da solicitude que entregará asinada a ACEBE CCA.

Os descontos ou vantaxes que aplicará cada establecemento poderán modificarse posteriormente previa comunicación por parte do titular do establecemento a ACEBE CCA e publicación nos listados de establecementos colaboradores.

Os descontos nos son acumulables con outras promocións vixentes.

#### 6. Tratamento de datos

O establecemento colaborador autoriza coa sinatura do presente compromiso de adhesión a ACEBE CCA a tratar, incorporar e conservar os datos persoais que facilita a través do presente acordo, a introducilos en ficheiros automatizados e difundilos para fins relacionados co convenio entre ACEBE CCA e as ANPAS. O colaborador ten dereito ó acceso á información contida nestes ficheiros e poderá cancelala ou rectificala de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

**CONVENIO ANPA BRIGANTIUM + ANPA O CARREGAL +  
AMPA AS MARIÑAS + ANPA DON BALTASAR  
+ ASOCIACIÓN RAIOLA + ASOCIACIÓN GALIÑA AZUL**

**ESTABLECEMENTOS COLABORADORES**

***ALIMENTACIÓN E HOSTALARÍA***

**CASA DO QUEIXO** · Rúa Roldán, nº 1 · 981775743

5 % de desconto en todos os produtos, excepto os que xa estean de oferta.  
Nas degustacións non se aplica desconto.

***DECORACIÓN E MOBILIARIO***

**ARMARIOS BETANZOS** · Rúa Rosalía de Castro nº 12 · 981 77 34 04

10 % de desconto en armarios empotrados.

**L.M.G. MARIANO DECORACIÓN Y MUEBLES** · Rúa dos Ferreiros, nº 6

10 % de desconto

**COCO DISEÑO** · Rúa Saavedra Meneses Nº 61 · 696453990

Unha clase gratuita ao mes durante os 3 primeiros meses ao inscribirse nos cursos de tapicería e restauración de mobles. Desde nivel básico. Maquinaria en aula. Grupos de máximo 10 persoas. Mobles aportados polos alumnos.

***FLORARÍA***

**NO SÓLO FLORES** · Rúa do Frade Nº 3

981774823

10% de desconto sobre prezo en todos os artigos e servizos.

## ***FORMACIÓN***

**LICEO INTERNACIONAL AGARIMO** · Rúa Valdoncel nº 20, 1º Esquerda  
981 77 46 67

20% de desconto en matrícula.

## ***INFORMÁTICA E MATERIAL DE OFICINA***

**TECNO PC** · Praza Padre Francisco Blanco nº 4, Baixo · 981 77 64 34  
10 % de desconto en man de obra de calquera reparación e 5% de desconto na venda de calquera artigo.

## ***MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN***

**VIAMAR PORCELANOSA** · Avda. Fraga Iribarne, nº 56 · 981 77 21 11  
15% de desconto en todos os produtos.

## ***MODA***

**CONFECIONES CHELA** · Rúa Travesa, nº 2·8·10 · 981 77 15 64  
10 % de desconto en todos os produtos agás os que xa estean rebaixados e uniformes.

**DANS** · Rúa Rosalía de Castro nº 12 · 981 97 06 05  
10% de desconto, non acumulable a outros descontos e promocións.

**FREESIA** · Rúa Alcalde Beccaria, nº 7 · 981 77 21 10  
10 % de desconto. Non acumulable a outras promocións.

**GRAF MODA JOVEN** · Rúa do Rollo nº 36 · 981 77 51 42  
5% de desconto en todos os produtos agás os que xa estean rebaixados.

## **ÓPTICA**

**GENERAL ÓPTICA BETANZOS** · Avda. Jesús García Naveira N° 24  
981773275

Tarxeta privilexe gratuita que da dereito aos seguintes descontos:

-30% dto. en gafas de sol, graduadas e cristais

-50% en parella de audífonos.

Mesmos descontos para 3 familiares máis e cheque de benvida de 30 € para cada un.

Máis descontos, beneficios e garantías a informar na óptica.

**OLLOS GABINETE ÓPTICO** · Rúa do Rollo, nº 21 · 981 77 51 94

15% de desconto en liña propia / 10 % de desconto en calquera outro produto / Excepto ofertas.

**ÓPTICA BETANZOS** · Rúa Valdoncel, nº 2 · 981 77 15 04

Revisións de vista, tensión ocular, adaptación de lentes de contacto e revisións de oído gratuítas / Gafas graduadas con un 25 % de desconto / Gafas de sol con un 25 % de desconto / Lentes de contacto convencionais con un 20 % de desconto / Audífonos con un 20 % de desconto / Ofertas e promoción periódicas en diferentes artigos de óptica. Os descontos non serán acumulables a outras promocións.

**ÓPTICA BRIGANTIUM** · Avda. Jesús García Naveira, nº 15 · 981 77 01 52

20 % de desconto en gafas de sol / 20 % de desconto en monturas e cristais graduados / Revisión optométrica, adaptación de lentes de contacto, medición tensión ocular de maneira gratuita.

**ÓPTICA SELGAS** · Avda Jesús García Naveira, nº 16 · 981 77 26 01

20 % de desconto en óptica. 10 % en parafarmacia e herboristería. Non incluídos os produtos que xa teñan desconto ou promoción. Campaña especial a través de VISIÓN Y VIDA de revisión gratuita da vista a nenos de 6-12 anos. Campaña de revisión gratuita de audición a adultos.

## ***PELUQUERÍA***

**PELUQUERÍA ONDA** · Rúa Nova, nº 33 · 981 77 41 10

50 % en cortes de pelo, 25 % en limpezas de cutis. Agás promocións.

## ***SAÚDE DENTAL***

**CENTRO DENTAL INTEGRAL AS MARIÑAS** · Rúa Manuel Roel nº 4 Baixo

· 981 77 35 23

-10% de desconto en limpezas, empastes, endodoncia y periodoncia.

-7% de desconto en cuotas de ortodoncia.

-8% de desconto en prótesis dentales.

**CLÍNICA DENTAL PARDELLAS** · Rúa Pérez Salas nº 3, Baixo Dereita

981 77 13 26

10% de desconto en limpeza bucal, obturación (empastes) e endodoncias.

5% de desconto en ortodoncia.

## ***OUTROS***

**EQUINOSENS** · Lugar Santiago de Requián s/n, Betanzos

698 14 10 12

Desconto do 10% nas sesións de terapias ecuestres individuais. Estas sesións están levadas a cabo por un equipo de profesionais do ámbito sanitario (terapeuta ocupacional e psicóloga), expertos en intervencións asistidas con cabalos. Realízase unha entrevista inicial coa familia e unha avaliación do usuario; logo establécese un plan de intervención cos obxectivos terapéuticos, adaptados ás necesidades e características do/da usuario/a. Están dirixidas a calquera persoa que por razóns de discapacidade, en risco de exclusión social, problemática de saúde mental, dificultades de procesamento sensorial e/ou afectacións psicolóxicas (ansiedade, depresión, estrés...) poidan beneficiarse de este tipo de intervencións.